


REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 24/07/2020 9:12:00

SAIDA


8370/20




Reclamante: 
Expediente. Nº **RSCTG 55/2020**

Correo electrónico: 

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista á reclamación presentada por , mediante escrito do 24 de abril de 2020, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 21 de xullo de 2020, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro.  presentou, mediante escrito que tivo entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 24 de abril de 2020, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a desestimación por silencio administrativo, da súa solicitude ao Servicio Galego de Saúde de acceso á información sobre os resultados do programa establecido na cláusula adicional cuarta ao concerto de data 1 de setembro de 2014 suscrito entre o Servicio Galego de Saúde e Hospital Povisa S.A..

O reclamante indicaba que solicitou os resultados do programa establecido na cláusula adicional cuarta ao concerto de data 1 de setembro de 2014 suscrito entre o Servicio Galego de Saúde e Hospital Povisa SA, que permitía derivar a pacientes da lista de espera do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo a Povisa para operalos alí, sen obter resposta.

O escrito viña acompañado de copia da solicitude presentada, e do seu DNI.

Segundo. Con data do 24 de abril de 2020 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante á Consellería de Sanidade para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 9 de xuño de 2020.

Terceiro. Con data do 26 de xuño de 2020 tivo entrada no Rexistro do Valedor do Pobo informe da Consellería de Sanidade, no que comunica que con data do 15 de xuño de 2020, unha vez analizada a solicitude a Xerencia da Área Sanitaria de Vigo emite informe polo que se concede o acceso á información solicitada polo interesado e se lle da traslado da mesma con data do 23.06.2020. Xunto co informe, remite copia da resolución notificada ao interesado.

Cuarto. Con data do 2 de xullo de 2020 te entrada no Rexistro do Valedor do Pobo escrito do reclamante no que comunica que recibiu resposta da Consellería de Sanidade, e que a mesma comprende toda a información solicitada, polo que solicita que a súa reclamación se anule.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consello de Transparencia e Bo Goberno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poder públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poder públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Análise do expediente

De conformidade co establecido no artigo 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando non este prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos por calquera medio que permita a súa constancia e a Administración aceptará de plano a desistencia ou a renuncia, e declarará concluído o procedemento salvo que, téndose personada no mesmo terceiros interesados, instasen estes a súa continuación no prazo de dez días desde que foron notificados da desistencia ou renuncia.

De acordo co anterior, tendo presentado polo interesado escrito de desestimento, e non constando a existencia de terceiros interesados, procede aceptar a desistencia á reclamación presentada e declarar concluído o procedemento.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

ACORDA

Único: Arquivar por desistencia do interesado, reclamación presentada por [REDACTED] [REDACTED] contra a desestimación por silencio administrativo, da súa solicitude ao Servicio Galego de Saúde de acceso á información sobre os resultados do programa establecido na cláusula adicional cuarta ao concerto de data 1 de setembro de 2014 suscrito entre o Servizo Galego de Saúde e Hospital Povisa SA., e declarar concluso o procedemento.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela,
Firmado digitalmente por 76706870F
MARIA DOLORES FERNANDEZ (R:
S6500009C)
Fecha: 2020.07.23 17:36:25 +02'00'
María Dolores Fernández Galiño
Presidenta da Comisión da Transparencia.